CONCELLOS GALEGOS

número 20
xullo 2015
segunda época

Publicación trimestral da Federación Galega de Municipios e Provincias

A *débeda* histórica da PIE con Galicia

Informe sobre a Participación nos Ingresos do Estado 2004-2015

Análise
Retos do municipalismo galego no novo mandato (2015-2019)

Novo mapa político
Fotografía da cor dos gobernos nos 314 concellos

Actividade dos GES
Balance dos Grupos de Emerxencia Supramunicipal 2013-2015

Normativa de festas
Esixencias para obter a consideración de 'festa de interese turístico de Galicia'

Familias numerosas
Bonificacións, descontos e axudas para elas nos concellos galegos

Nómina multiEstrella

[Ti] es a Estrela

Ao lado das familias

En "la Caixa" queremos facerche a vida máis doada. Por iso, coa túa nómina, poderás beneficiarte de condicións financeiras exclusivas, como a **Conta Nómina multiEstrella sen comisións**[1], descontos para o día a día e ofertas para tempo libre para toda a familia.

Consulta todas as vantaxes descargando a ***app* de multiEstrella** ou en www.laCaixa.es/multiEstrella

1. A Conta Nómina multiEstrella ten unha tarifa de 0 €/mes sempre que se cumpran os requisitos de bonificación. No caso contrario, cobraranse 6 € o mes que o cliente incumpra as condicións. Será gratuíta sempre que o cliente pertenza ao programa Nómina multiEstrella e utilice exclusivamente as canles electrónicas para as operativas seguintes: pagamento de recibos e impostos, reintegros de efectivo, traspasos e transferencias, solicitude de talonario e consultas de posición, saldo ou extracto. Consulta todas as condicións en www.laCaixa.es/multiEstrella. NRI: 942-2014/09681

Carta do presidente

Solidariedade, equilibrio económico-territorial e medios suficientes para que os concellos poidan desenvolver as súas funcións. Eses tres principios, consagrados nos artigos 2, 138 e 142 da nosa Constitución, deben rexer o municipalismo en todo momento.

Sucede que o actual sistema de financiamento estatal dos concellos, artellado a través da Participación nos Ingresos do Estado (PIE), racha de xeito evidente con eses tres piares, nomeadamente, no que atén aos municipios galegos.

Como corrobora o informe que publicamos nas páxinas seguintes, o modelo (anteriormente xa inxusto) é aínda máis prexudicial para os municipios da nosa comunidade nos últimos 10 anos. Os concellos galegos percibiron a partir da remuda do ano 2004 unha contía moi inferior á da media estatal el termos per-cápita, o que en conxunto supón unha media que supera os 100 millóns de euros menos ao ano.

A causa dese desequilibrio son os criterios empregados para o reparto, que levan aos concellos da nosa comunidade a ter que asumir cuantiosas devolucións por mor das liquidacións negativas de exercicios anteriores, e baixadas -nalgúns casos mesmo disparatadas- das entregas a conta anuais.

A Fegamp leva anos demandando un cambio deses criterios. As propostas desta Federación, ata agora sempre rexeitadas, pretenden a inclusión doutros factores que se nos antollan determinantes, especialmente para o día a día dos alcaldes galegos, que teñen como nó gordiano da súa xestión a prestación (coa mellor calidade posible) dos servizos aos cidadáns.

Galicia, cun 25 por cento da súa poboación por riba dos 65 anos de idade (fronte a media estatal do 18,1 por cento), é xunto con Castela-León e Asturias, a comunidade autónoma con máis alta porcentaxe de maiores. Á luz do problema demográfico que sufre toda España, semella lóxico que un dos criterios para lograr unha distribución máis xusta e equitativa dos cartos municipais sexa o do envellecemento poboacional.

Outro dos aspectos sen dúbida determinantes é o número de entidades de poboación. Non podemos esquecer que Galicia conta nada máis e nada menos que coa metade de todas as de España, o que se traduce directamente nun notable aumento do custo dos servizos, malia que en ningún caso iso se vexa reflectido no modelo da PIE.

Chama aínda máis a atención que nese mesmo período analizado os fondos de cooperación local de case todas as comunidades autónomas (algunhas tan dispares como Asturias, Andalucía, Cataluña ou Canarias, e Galicia, por suposto) si teñan en conta a dispersión da poboación na súa fórmula de reparto.

Asemade, esas reivindicacións galegas no eido local acadaron desde a fusión das federacións galegas, no ano 1996, a cohesión de todas as sensibilidades con presencia nas institucións da comunidade; tanto na Fegamp, nos distintos períodos de mandato, como no Parlamento Autonómico, co acordo unánime de todas as forzas políticas.

Chegou o tempo de soterrar o voluntarismo de moitos rexedores, que aportaron importantes doses de imaxinación ante as dificultades para xestionar os concellos e para paliar os déficits, en prol do alumbramento dun novo sistema de financiamento local.

Esta Federación seguirá loitando para intentar que os galegos reciban da torta dos cartos do Estado para os concellos a porción que lles corresponde. É de xustiza.

José Manuel Rey Varela
Presidente da Fegamp

CONCELLOS GALEGOS

Publicación da Federación Galega de Municipios e Provincias

xullo 2015
número **20**
segunda época

Coordinación e redacción
Pablo Acción

Colaboración
José Manuel Chapela
Director Xeral da Fegamp
Lucía Antelo
Técnico da Fegamp
Andrés Núñez
Técnico da Fegamp
María Lamelas
Técnico da Fegamp
Alberto León
Técnico da Fegamp
Alicia González
Técnico da Fegamp
Raúl Fernández
Técnico da Fegamp
Maite Barallobre
Técnico da Fegamp
Lucía González
Técnico da Fegamp
Carmen Novas
Responsable de Comunicación do Fondo Galego

Fotografía
Miguel Muñiz
EFE
Presidencia do Goberno

Información de publicidade
Dpto. publicidade
Tel.: 981 062 476

Deseño e maquetación
Rubine Red Comunicación
www.rubine.es

Edita
Federación Galega de Municipios e Provincias
(Gabinete de Comunicación)
Rúa Varsovia-Área Central, 4C,
6º andar / 15707 Fontiñas,
Santiago de Compostela

Tel: 981 555 990
Fax: 981 565 203
comunicacion@fegamp.gal
www.fegamp.gal

Depósito Legal: C-2775-05
ISSN: 1885-5482

sumario

03*
Carta do presidente
José Manuel Rey Varela afonda na súa carta aberta deste número sobre a Participación nos Ingresos do Estado (PIE) e a necesidade de cambiar os actuais criterios de reparto que seguen a prexudicar aos concellos galegos.

06* análise
O municipalismo galego: retos de futuro
O inicio do novo mandato (2015-2019) nas administracións locais semella un momento idóneo para recordar os principais retos que ten por diante o municipalismo galego e que se formulan na análise que abre este número de 'Concellos Galegos'.

11* informe
A *débeda* da PIE con Galicia
Informe centrado na PIE, cuxas fórmulas de repartición xeran uns desequilibrios esaxerados que prexudican notablemente aos concellos galegos. Fronte ao actual modelo, nesta páxinas preséntanse distintas simulacións con criterios alternativos, cuxa aplicación suporía un incremento substancial dos ingresos que perciben os nosos municipios.

16* actualidade
Novo mapa político de Galicia
As nosas páxinas centrais recollen graficamente o novo mapa político de Galicia, resultado das últimas eleccións municipais do pasado 24 de maio.

Concello da Estrada

18* actualidade

O *prezo* de ter festas 'de interese turístico' en Galicia

O último Decreto que regula a declaración de 'festas de interese turístico de Galicia' presenta algunhas novidades destacadas en relación á anterior norma reguladora. Repasamos ademais as festas xa declaradas 'de interese turístico'.

22*

A intensa vida dos GES

Balance das actuacións realizadas ao longo dos seus 2 primeiros anos de actividade polos Grupos de Emerxencia Supramunicipais, nados froito dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Fegamp.

23* actualidade

As vantaxes de ser familia numerosa

Xa son moitos os concellos galegos que aplican, a través de distintas fórmulas, medidas concretas de apoio ás familias numerosas. Ofrecemos aquí un pequeno adianto do estudo que está a desenvolver a Fegamp en colaboración coa Asociación Galega de Familias Numerosas (AGAFAN).

24* tecnoloxía

A necesidade de subirse ao tren dixital / Renovado o portal de 'Eido Local'

Nesta sección facemos cómputo do primeiro semestre do ano das aulas CeMIT e damos conta dos novos servizos para os concellos que ofrece o renovado portal de 'Eido Local'.

25* lexislación

Compara que algo queda...

Damos conta dunha recente publicación do profesor de Dereito Administrativo da Universidade de Santiago de Compostela Marcos Almeida Cerreda que analiza a reforma nas administracións locais en Italia, Portugal e España. O libro e froito da parte investigadora do convenio entre o CEDE (USC) e a Fegamp.

26* Fondo Galego

'Vacacións con Traballo': voluntariado internacional para persoal municipal

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade presenta o seu programa 'Vacacións con Traballo', que permite a persoal das entidades locais colaborar en plans de cooperación exterior.

27*

Breves

Recollemos como é habitual as principais accións institucionais e as últimas novas de interese para os concellos.

29*

Axudas e convocatorias

Selección das liñas de axudas e convocatorias que poden resultar de interese para as entidades locais. Servizo público para os concellos.

6.

ANÁLISE

Director Xeral da Fegamp
José Manuel Chapela Seijo

O municipalismo galego: retos de futuro

O inicio do novo mandato (2015-2019) nas entidades locais de Galicia parece o momento axeitado para reiterar os principais retos do municipalismo galego. A meirande parte deles (de aí o de 'reiterar') non son novidosos, en tanto foron plantexados nos últimos anos pola Fegamp en diversas ocasións e en distintos foros. Os mais salientables, podemos incluílos dentro dalgún dos seguintes apartados:

1º Marco normativo

O tempo transcurrido dende a aprobación da Lei 5/1997, reguladora de Admistración Local de Galicia, e os cambios operados na lexislación básica do Estado, en especial con ocasión da recente, e mal chamada, Lei de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, demandan a aprobación dunha nova lei galega de administración local, ou cando menos a reforma en profundidade da Lei 5/1997, sen ter que agardar a un afastado e incerto novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais. Esa nova lei, ou no seu caso a reforma da vixente, deberá ser o instrumento que sirva para arranxar varias das actuáis eivas do noso réxime local vixente, nomeadamente o sistema de atribución competencial, sistema que a aludida Lei de Racionalización e Sostibilidade non foi quen de resolver nin clarificar. Todo iso, obviamente, dentro do marco estatuario das competencias autonómicas na materia.

2º Planta local

Dende a Fegamp insistimos en que a actual planta municipal galega -das mais razoables de todo o Estado polo seu número de concellos- non é, mais alá duns moi limitados casos, un problema para o futuro do noso municipalismo. O problema non é pois cuantitativo, é cualitativo, ou sexa que radica na capacidade real dos concellos (como tamén doutras entidades locais intermedias) de prestar os servizos públicos a que están obrigados cuns mínimos estándar de calidade. Compre ter en conta ademais que os concellos galegos parten con dúas eivas engadidas: a existencia de miles de núcleos de poboación, -que non desaparecerían coas fusións- e unha crónica insuficiencia de recursos económicos, problema que non ten visos de solucionarse a curto ou medio prazo.

A modificación da planta local debería pasar pola articulación dunhas medidas económicamente xenerosas e legalmente flexibles para o fomento das fusións voluntarias dos concellos, que deberían ir bastante mais alá das recollidas na antedita Lei de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local.

En calquera caso, a alteración da planta local debería ser unha 'cuestión de Estado', pois escapa de toda lóxica que unhas comunidades autónomas pretendan reducir o número de concellos, mentres outras (por exemplo Cataluña, Estremadura ou Andalucía) estano a incrementar.

3º Asociacionismo local

Mais alá de casos puntuais, as mancomunidades municipais en Galicia nin funcionan, nin son operativas. En bastante casos os seus fins estatutarios poderíanse conseguir mediante outras fórmulas

asociativas máis áxiles e menos institucionalizadas, e a mellora da súa operatividade debe centrarse no adelgazamento dos órganos de representación dos concellos mancomunados, axilizando desa forma a toma de decisións.

Os consorcios locais, que non son mancomunidades, deberían quedar limitados á prestación interadministrativa de servizos básicos en áreas xeográficas sensibles (por exemplo zonas social ou económicamente moi deprimidas), onde a participación nelas da Xunta ou das deputacións tivese unha maior xustificación.

Hai que sinalar tamén que despois de máis de tres anos dende a publicación da lei que creou a Área Metropolitana de Vigo é xa tempo de poñela en marcha, deixando nun segundo plano as cuestións da representatividade dos concellos.

4º Deputacións provinciais

Á marxe de que manteñan a súa función de apoio e asistencia aos concellos, ou mesmo que poidan asumir temporalmente a prestación de servizos municipais (sempre co previo acordo dos concellos), no camiño aberto pola Lei de Racionalización e Sostibilidade deberían atribuírselles competencias propias, sobre todo naquelas áreas materiais que teñen no ámbito supramunicipal (comarcal ou provincial) o seu campo mais axeitado de actuación.

Esa maior atribución competencial ás deputacións debería vir acompañada dunha modificación da lexislación electoral xeral para dotalas dunha maior lexitimade democrática, nomeadamente aos seus órganos de goberno.

É evidente que en tanto non mude o actual mapa municipal, o sistema de reparto competencial e o financiamento local, as deputacións provinciais seguirán tendo un importante rol.

5º Facendas locais

Dando cumprimento ao mandato recollido na Lei de Administración local de 1997, debería aprobarse á maior brevidade posible unha lei autonómica reguladora das facendas locais da comunidade.

Calquera medida relacionada coa remuda do vixente sistema de tributos propios dos concellos debe vir precedida dunha previa clarificación definitiva das súas competencias e dunha modificación da carteira de servizos mínimos obrigatorios que deben prestar. Ademais, esa modificación deberá levarse adiante dentro do futuro marco estatal do financiamento local.

Faise necesario mellorar o actual sistema de participación das entidades locais nos tributos do Estado, xa que é particularmente inxusto coa realidade local galega, ao primar en exceso os criterios poboacionais sobre os territoriais.

Finalmente, en relación coa participación dos concellos nos tributos da comunidade autonóma, é preciso desenvolver cambios no vixente sistema de reparto do Fondo de Cooperación Local, ao que deberían incorporase dunha vez por todas varias das actuáis subvencións autonómicas aos concellos. O Fondo debería incluír tamén unha claúsula de garantía de mínimos, para darlle estabilidade, e incorporar outros criterios de reparto, para adáptalo ao máximo á diversidade local galega.

6º Competencias e servizos locais

Parece acaido modificar o sistema competencial local vixente, que é excesivamente ríxido e uniformista.

A meta é atribuír as materias competenciais en virtude duns criterios obxectivos (poboación, orzamento, capacidade das organizacións locais), sen prexuízo dun núcleo mínimo competencial para todos os concellos, do cal necesariamente deberá formar parte o ámbito dos servizos sociais.

Por outra banda, e despois de medio século sen variacións, debe revisarse a actual carteira de servizos mínimos obrigatorios dos concellos para adaptala á lexislación sectorial e á vixente realidade da prestación municipal.

ALFREDO GARCIA
Vicepresidente primeiro da Fegamp
Alcalde de O Barco de Valdeorras

Poboación? Dispersión? Envellecemento?...

Os concellos de Galicia están a ser prexudicados de xeito claro no seu financiamento no marco da Participación dos Ingresos do Estado (PIE). O sistema actual leva ás entidades locais galegas (tamén ás deputacións), a recibir moito menos do que deberían se se tiveran en conta os criterios obxectivos de poboación; e moitísimo menos se, ademais, se aplicasen as variables de dispersión xeográfica e envellecemento poboacional.

Que o sistema actual é inxusto coas entidades locais galegas demóstrase de modo indubidable no estudo levado a cabo polos técnicos da Federación Galega de Municipios e Provincias, que publican neste número de 'Concellos Galegos'. Se o reparto se levase a cabo obxectivamente e con criterios 'neutros' –simplemente polo número de habitantes– o conxunto de concellos debería recibir máis de 100 millóns de euros anuais por riba do que agora perciben. Esa cifra sería moitísimo maior se tamén se tiveran en conta as outras peculiaridades xa mencionadas.

Un exemplo ilustrativo pode ser o de comparar o que perciben as seis cidades galegas integradas no réxime de cesión (Vigo, A Coruña, Ourense, Lugo, Pontevedra e Santiago), con cidades máis pequenas do resto do Estado. Málaga, con 566.913 habitantes, percibe 8 millóns de euros máis ao ano que esas seis poboacións galegas, que en conxunto suman 924.018 habitantes. Son datos oficiais do Ministerio de Facenda, que evidencian sen dúbida o inxusto deste sistema.

Os concellos galegos, polo tanto, están a seren agraviados e discriminados polo reparto da PIE. Esta situación esixe unha revisión inmediata e profunda dos sistema de financiamento que actualmente está en vigor. Se a iso engadimos que a reforma do financiamento autonómico non resultou obxectiva no que atinxe ao plano local, cun descenso notable da súa contía, enténdense as cuantiosas devolucións rexistradas nas liquidacións de anos anteriores.

No ano 2014, os ingresos dos concellos galegos baixaron 165 millóns de euros con respecto ao ano anterior. Tras varios exercicios de caídas consecutivas nas aportacións estatais, os municipios foron a única administración que conseguiu pechar o ano con superávit, e concretamente os galegos obtiveron un saldo positivo de máis de 267 millóns de euros. Malia que está máis que demostrada a boa xestión realizada polos concellos, mesmo tendo en conta que en moitos casos deben asumir competencias que non lles son propias, o financiamento é cada día máis inxusto para os municipios galegos.

Todos estes datos evidencian o que os alcaldes levamos anos explicando: o problema dos concellos non é financeiro, xa que, en xeral, a administración local é, no conxunto de todas as do Estado, a que mellor se adaptou aos novos tempos de contención económica. O problema é de falta dun financiamento axeitado. E se en todos os municipios de España se da esa situación, nos da nosa comunidade a realidade é aínda peor, xa que o sistema non ten en conta aspectos e peculiaridades de Galicia (como a dispersión poboacional), que si condicionan á hora de facer o orzamento de gastos. Faise necesaria unha remuda radical no modelo, para incluír como criterios obxectivos esas cricunstancias especiais, inéditas no reparto.

FRANCISCO GARCIA
Vicepresidente segundo da Fegamp
Alcalde de Allariz

Un financiamento para os concellos acorde cos servizos que prestan

Galiza é a gran prexudicada no reparto da participación dos ingresos do Estado que fai Madrid. Se xa os concellos son os parentes pobres da administración, e reciben moito menos do que lles correspondería atendendo aos servizos que prestan (incluídas as competencias impropias, que ninguén prestaría senón foran eles), os nosos municipios están no furgón de cola do Estado, debido a uns criterios de reparto totalmente inxustos, que non atenden ás particularidades da nosa terra e priman esaxeradamente outros como o de poboación.

Euskadi recada directamente os impostos e os reparte atendendo aos criterios que considera máis axeitados para o seu territorio. Posteriormente paga a cota correspondente ao Estado. Resultado: os concellos vascos reciben máis do dobre polo equivalente deste concepto... e iso considerando que a poboación de Galiza e Euskadi é similar.

Os concellos cataláns nas entregas a conta de 2015 recibiron de media 319,97 € por habitante, cando aquí foron 212,06 €. Ao respecto do inxusto de primar tanto a poboación no reparto, vemos que os seis concellos de máis de 500.000 habitantes, Madrid, Barcelona, Sevilla, Málaga, Valencia e Zaragoza (lembremos que Euskadi vai aparte), reciben un terzo da PIE con soamente o 18 % do total da poboación. Pola súa banda, os concellos madrileños -o que parte e reparte sempre leva a mellor parte-, se levan a palma (de ouro, neste caso) con 354,50 €. Galiza aparece ao final da lista en canto a percepción, tendo en conta que a media do Estado español é de 263,16 € por habitante.

Outro dato esclarecedor, o Concello de Málaga (566.913 habitantes) recibe tanto como as 6 cidades galegas máis poboadas xuntas, tendo estas case o dobre de poboación (924.018 habitantes). Temos que engadir a isto que o custe galego de dispersión do territorio á hora de proporcionar servizos non o teñen os malagueños.

Galiza ten unhas características territoriais e poboacionais que a fan diferente e teñen gran influencia nos servizos que deben prestar. As máis salientábles son a dispersión da súa poboación e o seu envellecemento. Isto produce maiores custos para prestar servizos a unha poboación dispersa e de maior idade. É de xustiza incorporar estes criterios para ter un reparto máis equitativo e así o entenden na práctica totalidade as comunidades autónomas, que os teñen en conta no seu reparto do Fondo de Cooperación Local.

Así pois, unha primeira reclamación sería a incorporación ao reparto dos criterios comentados; máis temos que ir un pouco máis alá. Primeiro hai que conseguir que Galiza reciba o que é de xustiza directamente, e que logo sexa a Xunta a que faga un reparto máis equitativo e adaptado ao territorio, tal e como se fai co Fondo de Cooperación Local. Despois, e como verdadeiro obxectivo, Galiza ten que ter unha Axencia Tributaria propia real, que recade os impostos, tal e como fan os vascos.

En relación co Fondo de Cooperación Local o municipalismo galego leva anos loitando para que, á espera dun incremento del, as subvencións recorrentes, de complicado acceso nos prazos, cativas e tan dadas ao clientelismo, pasen a engrosar o total do Fondo; o que, por certo, non suporía un maior orzamento para a Xunta e permitiría asignar recursos onde realmente se precisan.

culinaria

Cociña Culinaria

cociña tradicional para os novos tempos.

Asumindo o reto de crear un **produto de calidade** que fose **especificamente galego**, respectando as tradicións culinarias e necesidades concretas das persoas en Galicia, **Cociña Culinaria** deseñou unha planta de produción na que se elaboran pratos e menús totalmente cociñados con distribución en quente ou en liña fria sempre preparados con **materias primas galegas** de **primeira calidade** e amparadas por selos de garantía

Servizos especializados de restauración

Xantares a domicilio • Centros residenciais
Escolas infantís • Comedores escolares...

Teléfono de atención ao cliente do grupo sociser

902 104 900

Rúa Emilio Alonso Paz, 10 • 36540 Silleda (Pontevedra)
info@cocinaculinaria.com • www.cocinaculinaria.com

Grupo sociser sociedade e servizos

Distribuído por: xero catering

II.

INFORME

A *débeda* da PIE con Galicia

A participación dos concellos nos tributos do Estado é unha liña financeira garantida a través do artigo 142 da Constitución, que ten como principal finalidade contribuír, xunto coa participación nos ingresos das comunidades autónomas, á consecución da súa suficiencia financeira. Ao carón dos tributos propios, é o recurso financeiro máis importante dos concellos.

Compre facer esta aclaración unha vez máis, dado que se segue confundindo habitual e sorprendentemente o que é a ´participación´ co concepto de ´subvención´. Obviamente, non ten absolutamente nada que ver. Estas últimas, que a diferenza das anteriores teñen carácter finalista, tan só representan na actualidade o 10% do total dos orzamentos municipais, e na maioría dos casos financian servizos e actividades de ámbito competencial doutras administracións, coa achega na meirande parte dos casos de recursos propios dos concellos. A metade dos ingresos municipais proveñen dos tributos propios, mentres que a Participación nos Ingresos do Estado (PIE) e da Comunidade Autónoma (PICA) representan en Galicia un 30% do total. Neste último caso, os fondos teñen carácter non finalista e a distribución entre os concellos realízase tendo en conta diversos criterios.

Neste informe centrámonos na PIE, por canto sendo unha liña financeira de contía moi importante, as fórmulas utilizadas para o seu reparto xeran uns desequilibrios esaxerados, que prexudican notablemente aos concellos galegos.

No ano 2004 entrou en vigor un novo modelo de Participación nos Ingresos do Estado das entidades locais. Partíase dun modelo previo no que todos os concellos (agás La Línea de la Concepción, Barcelona ,Madrid e os concellos das comunidades de Navarra e País Vasco) se rexían por un mesmo sistema de participación, no que se empregaban para o reparto 4 variables diferentes: poboación (criterio con maior peso, e no que se introducían coeficientes de ponderación en función do treito no que estivese situado cada concello), esforzo fiscal, inverso da capacidade tributaria e número de unidades escolares. Era un modelo moi negativo para os intereses dos municipios galegos, tal e como consta nos informes anuais realizados pola Fegamp, nos cales se apreciaba que Galicia recibía substancialmente menos que a media estatal por habitante.

Entendía a Fegamp que os criterios utilizados para o reparto eran inxustos, xa que non valoraban o custo que os concellos tiñan que asumir na prestación de servizos, polo que se propoñía para o novo modelo que na fórmula se introduciran variables que medisen ese sobrecusto, como eran a superficie de cada municipio e o número de entidades de poboación.

Unha vez aprobado o novo modelo, e que actualmente segue en vigor, as propostas da Fegamp caeron en saco roto. A pesar de advertir que este sistema prexudicaría aínda máis aos concellos da nosa comunidade, o sistema introducía como novidade o establecemento de dous modelos distintos de reparto que, a efectos prácticos, manteñen e mesmo incrementan os desequilibrios detectados nos anos anteriores.

Por unha banda aparece o réxime xeral, no que se integraban aqueles concellos menores de 75.000 habitantes que non fosen capital de provincia ou de comunidade, que segue un sistema semellante ao anterior, aplicando tres criterios para o reparto: número de habitantes (mantendo o coeficiente de ponderación que favorece aos concellos situados nos tramos de poboación superiores), esforzo fiscal e inverso da

capacidade tributaria. Estes dous últimos crearon importantes disfuncións ao longo do período, carrexando graves prexuízos a moitos concellos galegos; problemas que xa foron postos en evidencia en informes anteriores.

A segunda vertente do modelo é o chamado réxime de cesión, onde se integraban os restantes concellos, e que se rexe por un sistema mixto de cesión de impostos e Fondo Complementario de Financiamento.

En ambos os dous modelos introducíronse unhas cantidades compensatorias correspondentes á perda sufrida polos concellos derivada da reforma do Imposto de Actividades Económicas (IAE), que para os efectos deste informe non teremos en conta.

Pero o sistema implantando non só prexudica aos concellos galegos integrados no réxime xeral. Tamén os incluídos no modelo de cesión se ven negativamente afectados. Como exemplo, no ano 2015, mentres cada cidadán de Vigo, Santiago de Compostela ou de A Coruña é valorado polo modelo nunha cantidade en torno aos 230 euros, os veciños de Málaga, Sevilla, Zaragoza ou Madrid perciben uns 400 euros por habitante; e no caso da cidade de Barcelona, 600 euros por veciño, o que é dificilmente comprensible, tendo en conta ademais que a gran maioría das cidades galegas, tamén sofren os efectos da dispersión nos seus propios termos municipais.

ENTREGA A CONTA PIE ANO 2015

(Comparativa porcentaxe de poboación e participación)



Fonte: Ministerio de Facenda e Administracións Públicas. Elaboración propia

As consecuencias pódense apreciar nos seguintes gráficos, nos que se analiza a media por habitante percibida polos concellos galegos respecto á media estatal no período 2004-2015, e a perda acumulada nestes 11 anos de vixencia do modelo, que se cuantifica en **1.376 Millóns de Euros.**

PARTICIPACIÓN NOS INGRESOS DO ESTADO 2004-2015

(Evolución media no Estado e Galicia / Euros por habitante)



Fonte: Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e elaboración propia
(*) Os anos 2013, 2014 e 2015 están pendentes da liquidación definitiva

PARTICIPACIÓN NOS INGRESOS DO ESTADO ACUMULADA

(Período 2004-2015 / Euros por habitante)



A Fegamp, que xa rexeitou dende o principio os criterios de reparto por ser discriminatorios para os concellos galegos, e polo tanto lesivos para os intereses dos seus cidadáns, solicitou en numerosas ocasións o cambio do modelo de distribución, demandas que foron sempre desatendidas. Cada ano, a fenda é maior e as desigualdades vanse incrementando. O sistema utilizado é un verdadeiro perigo para o financiamento municipal galego.

Pero compre preguntarse se eran inxustas ou irracionais as reivindicacións da Fegamp nesta materia, que por certo foron avaladas por unanimidade polo Parlamento de Galicia. E a resposta podémola obter no mesmo período, no que distintas comunidades autónomas aprobaron fondos de diferente natureza con destino aos concellos, nos cales introducen os criterios de distribución que reflectimos na seguinte táboa:



O criterio central é o número de habitantes, pero se ve completado na práctica totalidade dos modelos de reparto con variables que miden a dispersión poboacional (superficie e núcleos de poboación), que son precisamente as que no seu día a Fegamp propuxo para o reparto da PIE. As comunidades entenden que eses factores son elementos clave na prestación de servizos, e favorecen coa introdución destas variables específicas a aqueles concellos con máis dispersión, equilibrando así internamente ese maior custo que asumen.

Na PIE rexéitase de plano a utilización deses mesmos criterios, co cal non se equilibra externamente e de xeito global ese sobrecusto que os concellos galegos asumen. Pola contra, os resultados sitúan ao municipalismo galego moi por debaixo.

Simulación de modelos alternativos

Sobre os datos iniciais da entrega a conta para o ano 2015, realizamos unha simulación de diversos modelos alternativos para observar o que percibirían os concellos galegos. A aplicación de calquera deles, suporía un incremento substancial do financiamento dos nosos municipios respecto ao sistema actual de reparto que aplica o Estado.

Xa se comentou en artigos anteriores desta publicación que Galicia ten importantes problemas estruturais, nos que son elementos centrais o envellecemento e a dispersión da poboación. A pesares de que a crise económica volveu poñer en cuestión dende diferentes ámbitos a propia existencia de moitos concellos, os datos económicos corroboran que novamente a local foi a administración que mellor respondeu neste contexto.

Pero non debemos levarnos a engano. No caso galego non existen fórmulas máxicas que resolvan a histórica problemática do financiamento do noso municipalismo. Independentemente doutras necesarias medidas que se poidan adoitar para mellorar a xestión dos servizos por parte dos municipios, que é bastante mellor e máis eficiente do que ás veces nos queren facer ver, a principal fórmula, e non é máxica, é corrixir a discriminación histórica que os nosos concellos sofren no reparto dos ingresos do Estado. Os números así o acreditan, e cando as cifras falan, sobran máis verbas.

SIMULACIÓN PARTICIPACIÓN NOS INGRESOS DO ESTADO DOS CONCELLOS GALEGOS

(Euros)



INCREMENTO DE FINANCIAMENTO COA APLICACIÓN DOS DISTINTOS MODELOS

(Euros)



MODELO ACTUAL

Criterios reparto réxime xeral
(Concellos menores 75.000 habitantes non capital de provincia ou de comunidade autónoma)

Poboación *(Con ponderación por tramos de poboación)*	75%
Estrato de poboación	Coeficiente
Ata 5.000 habitantes	1,00
De 5.001- 20.000 habitantes	1,17
De 20.001-50.000 habitantes	1,30
De máis de 50.000 habitantes	1,40
Esforzo fiscal	12,5 %
Inverso capacidade tributaria	12,5 %

Criterios reparto réxime cesión
(Concellos maiores 75.000 habitantes e capitais de provincia ou de comunidade autónoma)

Cesión impostos

Fondo Complementario de Financiamento

(*) A participación total dos concellos fixarase anualmente en función do índice de evolución dos ingresos tributarios do Estado (ITE)

MODELO REPARTO POR HABITANTE

Reparto en función do número de habitantes de cada concello

Criterio utilizado polo Estado no seu día para a distribución do Fondo Estatal de Inversión Local (FEIL) e Fondo Estatal para o Emprego e a Sostibilidade Local (FEESL)

MODELO CRITERIOS CANARIAS

Fondo Canario Financiamento Municipal

Poboación	68%
Solidariedade	16%
Dispersión	5%
Unidades escolares	4%
Extensión territorial	2%
Espazos naturais protexidos	2%
Prazas turísticas	2%
Insularidade periférica	1%

MODELO PROPOSTA FEGAMP ANO 2003

Poboación	65%
Esforzo fiscal	15%
Superficie	10%
Dispersión	10%

MODELO CRITERIOS GALICIA

Participación ingresos comunidade autónoma

Poboación	70%
Superficie	10%
Dispersión	10%
Envellecemento	10%

MODELO CRITERIOS ANDALUCÍA

Participación ingresos comunidade autónoma

Poboación	85%
Superficie	6%
Dispersión	5%
Inverso Capacidade Tributaria	4%

MODELO CRITERIOS CATALUÑA

Participación ingresos comunidade autónoma

Poboación *(en función fórmula cálculo)*
Dispersión
Superficie
Capitalidade comarcal

NOVO MAPA POLÍTICO DE GALICIA

PPdeG

PSdeG

BNG

INDEPENDENTES

MAREAS

CxG




CARIÑO
O VICEDO
CEDEIRA
ORTIGUEIRA
VIVEIRO
XOVE
CERVO
BURELA
VALDOVIÑO
CERDIDO
FOZ
MAÑÓN
MOECHE
OUROL
NARÓN
AS SOMOZAS
O VALADOURO
BARREIROS
RIBADEO
FERROL
SAN SADURNIÑO
ALFOZ
NEDA
FENE
AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ
MURAS
MUGARDOS
ARES
CABANAS
A CAPELA
MONDOÑEDO
LOURENZÁ
TRABADA
PONTEDEUME
XERMADE
ABADÍN
MIÑO
VILARMAIOR
VILALBA
SADA
A CORUÑA
OLEIROS
MONFERO
A PASTORIZA
A PONTENOVA
BERGONDO
ARTEIXO
PADERNE
IRIXOA
RIOTORTO
CAMBRE
CULLEREDO
BETANZOS
MEIRA
COIRÓS
CARRAL
ARANGA
GUITIRIZ
COSPEITO
A LARACHA
OZA DOS RÍOS
RIBEIRA DE PIQUÍN
ABEGONDO
CARBALLO
CERCEDA
CESURAS
BEGONTE
A FONSAGRADA
CASTRO DE REI
POL
NEGUEIRA DE MUÑIZ
CURTIS
RÁBADE
TORDOIA
ORDES
MESÍA
OUTEIRO DE REI
VILASANTAR
BALEIRA
FRADES
SOBRADO
FRIOL
LUGO
CASTROVERDE
VAL DO DUBRA
TRAZO
BOIMORTO
OROSO
TOQUES
NAVIA DE SUARNA
O CORGO
O PINO
ARZÚA
MELIDE
PALAS DE REI
GUNTÍN
BARALLA
BECERREÁ
AMES
SANTIAGO DE COMPOSTELA
SANTISO
LÁNCARA
TOURO
O PÁRAMO
MONTERROSO
PORTOMARÍN
CERVANTES
BOQUEIXÓN
AS NOGAIS
TEO
VILA DE CRUCES
AGOLADA
ANTAS DE ULLA
TRIACASTELA
VEDRA
PARADELA
SARRIA
SAMOS
PADRÓN
PEDRAFITA DO CEBREIRO
SILLEDA
TABOADA
PONTECESURES
A ESTRADA
O INCIO
VALGA
LALÍN
RODEIRO
O SAVIÑAO
BÓVEDA
FOLGOSO DO COUREL
CUNTIS
CALDAS DE REIS
CHANTADA
MORAÑA
DOZÓN
A POBRA DE BROLLÓN
FORCAREI
PORTAS
CAMPO LAMEIRO
CERDEDO
O IRIXO
PIÑOR
CARBALLEDO
PANTÓN
MONFORTE DE LEMOS
QUIROGA
BARRO
RUBIÁ
PONTEVEDRA
COTOBADE
BEARIZ
SAN CRISTOVO DE CEA
VILAMARTÍN DE VALDEORRAS
BOBORÁS
O CARBALLIÑO
A PEROXA
RIBAS DE SIL
POIO
MASIDE
VILAMARÍN
SOBER
O BARCO DE VALDEORRAS
A LAMA
AMOEIRO
COLES
NOGUEIRA DE RAMUÍN
A RÚA
AVIÓN
SAN XOÁN DE RÍO
PONTE-CALDELAS
LEIRO
PUNXÍN
A TEIXEIRA
CASTRO CALDELAS
PETÍN
SAN AMARO
OURENSE
PARADA DE SIL
LAROUCO
CARBALLEDA DE VALDEORRAS
VILABOA
CARBALLEDA DE AVIA
O PEREIRO DE AGUIAR
A POBRA DE TRIVES
SOUTOMAIOR
CENLLE
ESGOS
FORNELOS DE MONTES
BEADE
BARBADÁS
TOÉN
O BOLO
PAZOS DE BORBÉN
RIBADAVIA
CASTRELO DE MIÑO
SAN CIBRAO DAS VIÑAS
XUNQUEIRA DE ESPADANEDO
MANZANEDA
A VEIGA
REDONDELA
O COVELO
MELÓN
PADERNE DE ALLARIZ
MONTEDERRAMO
MONDARIZ
A ARNOIA
CARTELLE
TABOADELA
MACEDA
MONDARIZ- BALNEARIO
A MERCA
CHANDREXA DE QUEIXA
A CAÑIZA
BAÑOS DE MOLGAS
CORTEGADA
ALLARIZ
VILAR DE BARRIO
MOS
PONTEAREAS
GOMESENDE
XUNQUEIRA DE AMBÍA
VILARIÑO DE CONSO
VIANA DO BOLO
CRECENTE
RAMIRÁS
PONTEDEVA
CELANOVA
A BOLA
O PORRIÑO
AS NEVES
ARBO
PADRENDA
QUINTELA DE LEIRADO
SANDIÁS
SARREAUS
LAZA
SALCEDA DE CASELAS
VEREA
VILAR DE SANTOS
SALVATERRA DE MIÑO
RAIRIZ DE VEIGA
CASTRELO DO VAL
TUI
TRASMIRAS
A GUDIÑA
BANDE
XINZO DE LIMIA
A MEZQUITA
PORQUEIRA
LOBEIRA
OS BLANCOS
CUALEDRO
RIÓS
CALVOS DE RANDÍN
ENTRIMO
MUÍÑOS
BALTAR
MONTERREI
VERÍN
VILARDEVÓS
LOBIOS
OÍMBRA

O *prezo* de ter festas ‘de interese turístico’ en Galicia

O Decreto 4/2015, que regula a declaración de festas ‘de interese turístico de Galicia’, recolle os requisitos que deben cumprir as celebracións nunha localidade para acadar tal consideración. Segundo esa regulación, poderán ser declaradas ‘festas de interese turístico’ aquelas manifestacións ou acontecementos de carácter festivo que, celebrados no ámbito territorial da comunidade autónoma, supoñan unha valoración da cultura e das tradicións populares, e teñan unha especial importancia como atractivo turístico.

Contar cunha festa ‘de interese turístico’ supón un evidente valor engadido para un concello. As declaracións efectúanse en función do cumprimento, entre outros, dos requisitos de antigüidade, singularidade, arraigamento, accións promocionais, valor cultural e continuidade no tempo; requisitos que serán valorados, ademais, dacordo con aspectos como a facilidade de acceso, a estética, o feito de revivir costumes e tradicións populares, o coidado do contorna, a calidade dos actos, a creatividade e innovación, a dotación de infraestruturas e equipamentos, a afluencia de visitantes, e a coordinación das entidades públicas e privadas.

A novidade respecto do Decreto 39/2001, de 1 de febreiro, é que agora, as manifestacións ou acontecementos de carácter festivo deberán ter un antigüidade mínima de 20 anos (antes 10). O Decreto de 2015 engade tamén a continuidade no tempo como esixencia para obter a declaración.

No novo Decreto establécese a maiores un réxime transitorio de dous anos para acreditar o cumprimento dos requisitos establecidos.

O número de festas declaradas ‘de interese turístico’ na nosa comunidade é na actualidade de 115, distribuídas do seguinte xeito: 35, na provincia de A Coruña; 26, na provincia de Lugo; 16, na provincia de Ourense; e 38, na de Pontevedra.

Festas de Interese Turístico de Galicia

A CORUÑA

CONCELLO	FESTA
ARES	Alfombras Florais de Corpus Christi
ARZÚA	Festa do Queixo de Arzúa
BETANZOS	Festas Patronais de San Roque
BETANZOS	Feira Franca Medieval de Betanzos
BOIRO	Romaría de San Ramón de Bealo
BOQUEIXÓN	Entroido da Ulla – Entroido dos Xenerais
BOQUEIXÓN	Festa da Filloa de Lestedo
CABANA DE BERGANTIÑOS	Festa de San Fins de Castro
CAMARIÑAS	Mostra do Encaixe
FERROL	Festa das Pepitas
FISTERRA	Festas do Santísimo Cristo de Fisterra
LARACHA	Festa das Cereixas de Paiosaco

Publicación da Federación Galega de Municipios e Provincias

A CORUÑA

CONCELLO	FESTA
LARACHA	Romaría da Nosa Sra. dos Milagres de Caión
LAXE	O Naufraxio de Laxe
MALPICA DE BERGANTIÑOS	Mostra da Olería de Buño
MALPICA DE BERGANTIÑOS	Romaría de Santo Hadrián
MELIDE	Festa do Melindre e da Repostería Tradicional da Terra de Melide
MUGARDOS	Festa do Polbo
MUROS	Gran Premio de Carrilanas de Esteiro
NARÓN	Oenach Atlántico
NEDA	Festa do Pan de Neda
OROSO	Festa da Troita
PADRÓN	Festa do Pemento de Herbón
PINO (O)	Festa do Galo Piñeiro e Mostra Cabalar
POBRA DO CARAMIÑAL (A)	Festa de Xesús o Nazareno e Procesión das Mortallas
PONTECESO	Festa do Percebe do Roncudo
PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (AS)	Romaría da Fraga das Pontes
RIANXO	Festividade da Virxe de Guadalupe
RIBEIRA	Festa da Dorna
SADA	Festas Patronais de San Roque
SANTIAGO DE COMPOSTELA	Entroido da Ulla – Entroido dos Xenerais
TEO	Entroido da Ulla – Entroido dos Xenerais
TOURO	Entroido da Ulla – Entroido dos Xenerais
VEDRA	Entroido da Ulla – Entroido dos Xenerais
VIMIANZO	Festa da Faguía do Carnés

LUGO

CONCELLO	FESTA
BARREIROS	Festival Internacional do Emigrante
BEGONTE	Belén Electrónico
BURELA	Feira do Bonito de Burela
CERVO	Queimada Popular de Cervo
CERVO	Festa da Maruxaina de San Cibrao
CERVO	Festa do Ourizo de Cervo
CHANTADA	Folión de Carros
COSPEITO	Festa da Filloa de Muimenta
FOLGOSO DO CAUREL	Filandón de Músicas do Caurel
FOLGOSO DO CAUREL	Festa da Castaña
FOZ	Festas Patronais de San Lorenzo
GUITIRIZ	Festival de Pardiñas
LOURENZÁ	Festa da Faba de Lourenzá
LUGO	Ofrenda do Reino de Galicia ao Santísimo Sacramento de Lugo
LUGO	Arde Lucus
MEIRA	Festa da Malla de Meira
MONDOÑEDO	As San Lucas
MONTERROSO	Feira dos Santos
PONTENOVA (A)	Feira da Troita da Pontenova
QUIROGA	Mostra do Aceite de Quiroga
RIBADEO	Xira de Santa Cruz
SOBER	Feira do Viño de Amandi
TABOADA	As Fachas de Castelo
VIVEIRO	A Rapa das Bestas de Viveiro
VIVEIRO	Romaría do Naseiro
VIVEIRO	Festa da Pescada do Pincho de Celeiro

OURENSE

CONCELLO	FESTA
ALLARIZ	Festa do Boi de Allariz
ARNOIA	Festa do Pemento de Arnoia
BANDE	Festa do Peixe
BARCO DE VALDEORRAS (O)	Festa do Botelo
CELANOVA	Romaría Etnográfica Raigame de Vilanova dos Infantes
LAZA	Entroido de Laza
MACEDA	Entroido
MANZANEDA	Folión Tradicional do Entroido
OIMBRA	Festa do Pemento de Oimbra
OURENSE	Festa dos Maios
OURENSE	Festa do Magosto
RAIRIZ DE VEIGA	Romaría da Saínza
RIBADAVIA	Exposición e Exaltación do Viño do Ribeiro
RIÓS	Festa da Castaña e do Cogumelo
SAN CRISTOVO DE CEA	Festa de Exaltación do Pan de Cea
VIANA DO BOLO	Festa da Androlla e do Entroido

PONTEVEDRA

CONCELLO	FESTA
A CAÑIZA	Romaría da Virxe da Franqueira
A CAÑIZA	Feira do Xamón da Cañiza
A ESTRADA	Festa do Salmón
A GUARDA	Festa do Monte
A GUARDA	Festa da Langosta
ARBO	Festa da Lamprea
AS NEVES	Feira do Requeixo e do Mel
BUEU	Encontro Degustación do Millo Corvo
CAMBADOS	Festa da Vieira
CANGAS	Semana Santa de Cangas
CANGAS	Festa das Danzas Ancestrais
CUNTIS	Festa do Lacón con Grelos
ESTRADA (A)	Entroido da Ulla – Entroido dos Xenerais
FORCAREI	Festa do Gaiteiro de Soutelo
MARÍN	Festa de San Miguel e Danza das Espadas
MEIS	Semana Santa de Paradela
MOAÑA	San Martiño
MORAÑA	Festa do Carneiro ao Espeto
MOS	Festa da Rosa
PONTE CALDELAS	Festa de Troita de Ponte Caldelas
PONTEVEDRA	Festas de San Benitiño de Lérez
PONTEVEDRA	Feira Franca de Pontevedra
REDONDELA	Festa do Corpus Christi de Redondela
REDONDELA	Festa do Choco
SILLEDA	Festa da Empanada de Bandeira
SILLEDA	Romaría da Tortilla de Laro
SILLEDA	Entroido da Ulla – Entroido dos Xenerais
SOUTOMAIOR	Festa da Ostra de Arcade
TUI	Festas Patronais de San Telmo
VALGA	Belén Artesanal en Movemento
VALGA	Festa da Anguía e Mostra da Caña do Pais
VIGO	Festa do Santísimo Cristo dos Aflixidos
VIGO	Festa da Reconquista da Vila de Vigo

PONTEVEDRA

CONCELLO	FESTA
VILA DE CRUCES	Festa Gastronómica do Galo de Curral
VILA DE CRUCES	Entroido da Ulla – Entroido dos Xenerais
VILABOA	Carnaval de Cobres
VILAGARCIA DE AROUSA	Festa da Ameixa de Carril
VILANOVA DE AROUSA	Festa do Mexillón e do Berberecho

Festas de Interese Turístico Nacional

A CORUÑA

CONCELLO	FESTA
MUXÍA	Romaría Nosa Sra. da Barca

LUGO

CONCELLO	FESTA
LUGO	Festa de San Froilán

OURENSE

CONCELLO	FESTA
RIVADAVIA	Festa da Istoria
XINZO DE LIMIA	Entroido de Xinzo de Limia
VERÍN	Entroido de Verín
O CARBALLIÑO	Festa do Polbo

PONTEVEDRA

CONCELLO	FESTA
CAMBADOS	Festa do Viño Albariño
VILAGARCÍA	Festas Patronais de San Roque
LALÍN	Feira do Cocido de Lalín
BAIONA	Festa da Arribada da Carabela Pinta
O GROVE	Festa do Marisco do Grove

Festas de Interese Turístico Internacional

A CORUÑA

CONCELLO	FESTA
A CORUÑA	Fogueiras de San Xoán
FERROL	Semana Santa
ORTIGUEIRA	Festival Internacional del Mundo Celta
SANTIAGO DE COMPOSTELA	Festividade de Santiago Apóstolo

LUGO

CONCELLO	FESTA
VIVEIRO	Semana Santa

PONTEVEDRA

CONCELLO	FESTA
A ESTRADA	A Rapa das Bestas de Sabucedo
CATOIRA	Romaría Viquinga
PONTEAREAS	Corpus Christi

A intensa vida dos GES

Os Grupos de Emerxencia Supramunicipais naceron froito dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) e as deputacións provinciais. Sitúanse estratexicamente en 24 sedes, e o seu carácter supramunicipal, permítelles ofrecer cobertura, xunto cos demais servizos de emerxencia, a mais do 90 % da poboación galega. Accidentes de circulación e prevención de incendios supuxeron máis da metade da actividade dos GES desde 2013, o ano no que foron creados.

No seus dous anos de servizo, os Grupos de Emerxencia Supramunicipais (GES) sumaron un total de **21.960 operativos** no conxunto da comunidade autónoma. Das intervencións levadas a cabo polos GES, destacan as seguintes:

1. **Accidentes de tráfico: 7.512 intervencións**

   Traballos realizados:
   - Asistencia a vehículos
   - Dirección e sinalamento do trafico
   - Limpeza de vías
   - Accidentes con excarceracións
   - Accidentes con mercadorías perigosas
   - Asistencia sanitaria
   - Retirada de árbores

2. **Extinción de Incendios: 2.484 intervencións**

   Traballos realizados:
   - Incendios forestais
   - Incendios urbanos
   - Incendios industriais
   - Incendios en vehículos

3. **Prevención de Incendios: 6.370 intervencións**

   Traballos realizados:
   - Rozas
   - Limpeza de maleza
   - Vixilancia

4. **Protección Civil: 4.092 intervencións**

   Traballos realizados:
   - Busca de persoas desaparecidas
   - Rescates e salvamento
   - Actividades do Plan NEGA
   - Actividades do Plan SAPRAGA
   - Plan de Inundacións
   - Simulacros
   - Animais feridos ou mortos

5. **Riscos: 1.512 intervencións**

   Traballos realizados:
   - Escapes de gas
   - Material eléctrico
   - Riscos laborais
   - Apertura de portas



Entidades locais con sede GES no período 2013-2015

A CORUÑA	LUGO
Brión	Becerreá
Curtis	Cervo
Mugardos	A Fonsagrada
Muros	Guitiriz
Ortigueira	Monterroso
Padrón	A Pontenova
Ponteceso	Quiroga-Folgoso
OURENSE	**PONTEVEDRA**
O Barco de Valdeorras	A Estrada - Lalín
Castro Caldelas	A Guarda
A Gudiña	Manc. Val Miñor
Lobios - Muiños	Valga
Ribadavia - Avión	
Pereiro de Aguiar	

Cada GES está composto por 12 efectivos, cunha estrutura profesionalizada e permanente, e con sede no concello-base. Para gañar efectividade, e dadas as peculiaridades do territorio, 3 dos grupos anteriores están compostos por 16 efectivos, repartidos da seguinte forma: Grupo A Estrada-Lalín (10/6); Grupo Ribadavia-Avión (10/6); Grupo Lobios-Muíños (10/6).

As vantaxes de ser familia numerosa

Moitos concellos galegos aplican bonificacións en impostos, medidas para a conciliación da vida laboral e familiar ou descontos en escolas municipais para as parellas con máis de dous fillos. Moi poucos aínda, axudas para poder estudar ou para material escolar.

A Fegamp, a Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia e a Asociación Galega de Familias Numerosas (AGAFAN) asinaron un convenio para, entre outras cousas, elaborar unha guía que recollerá a carteira de servizos que prestan os concellos galegos a este colectivo.

A Fegamp está a colaborar neste proxecto a través dunha enquisa aos concellos pola que se lles pregunta sobre as bonificiacións e exencións a familias numerosas nos impostos, servizos e actividades municipais, así como sobre outras inciativas de apoio que leven a cabo.

As conclusións que se poden extraer polo de agora deste estudo aínda inconcluso son:

- A maioría dos concellos contemplan bonificacións nos impostos de exacción obrigatoria, particularmente no IBI.
- Moitos concellos que non teñen bonificacións neste tipo de impostos están valorando incorporalas ás súas ordenanzas.
- Logo das bonificacións nos impostos, predominan as bonificacións en servizos relacionados coa conciliación familiar e escolas municipais.
- As axudas á formación a través de bolsas de estudo ou axudas para material escolar son reducidas.

CONCELLOS CON BONIFICACIÓNS A FAMILIAS NUMEROSAS



BONIFICACIÓNS ÁS FAMILIAS NUMEROSAS NOS CONCELLOS GALEGOS



Aulas CeMIT

A necesidade de subirse ao tren dixital

Máis de 11.000 persoas pasaron polas aulas CeMIT no primeiro semestre deste ano

A Fegamp traballa coa Xunta desde o ano 2010 na alfabetización dixital dos galegos. A rede CeMIT, que sirve para iniciar aos cidadáns nas tecnoloxías da información e da comunicación a través de cursos e charlas, está formada actualmente por 98 aulas públicas, distribuídas por 92 concellos de toda a xeografía galega.

A creación das aulas CeMIT foi froito da sinatura dun convenio en 2010 entre a Fegamp e a Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica da Xunta, desenvolvido posteriormente por outro, entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a nosa Federación, para o desenvolvemento do Plan de Inclusión Dixital no eido da administración local.

As 98 aulas CeMIT que existen actualmente (das que 61 son aulas de referencia), teñen presencia en 92 concellos galegos e son o instrumento para corrixir a 'fenda dixital' que existe entre a xeración de nativos dixitais e asimilados e o resto das persoas que aínda non deron os seus primeiros pasos no terreo das novas tecnoloxías da información e da comunicación.

Durante o primeiro semestre deste ano desenvolvéronse nas aulas 1.159 cursos e 258 charlas, cedéndose en 132 ocasións as aulas para actividades relacionadas, co que o total ascendeu a 66.948 horas de formación. Nesa primeira metade do ano, 11.459 persoas pasaron polas aulas CeMIT, cun total de 27.358 prazas ofertadas.

Superar a 'fenda dixital' –algo imprescindible para Galicia ante a revolución dixital que vivimos-, suma tamén puntos cara á correcta vertebración territorial e social de Galicia, nomeadamente nas zonas da comunidade onde existe un maior déficit dixital. Dese xeito promóvese ademais o emprendemento e dótase ás empresas de elementos para facelas máis competitivas e abríndolles portas a novos mercados e nichos de negocio. O obxectivo ineludible agora das administracións locais e autonómica é intentar chegar a cantos concellos e persoas sexa posible. Toda a información sobre as aulas CeMIT na páxina web da iniciativa: https://cemit.xunta.es/.

Renovado o portal de 'Eido Local' con máis servizos para os concellos

'Eido Local' amplía e mellora a súa oferta para as entidades locais e para os usuarios ('Sala de Sinaturas Virtual', información sobre concursos e selección de habilitados nacionais, ofertas de emprego público en entidades locais e ata un escritorio persoal), co que gaña en marxe de uso, accesibilidade e navegación. É un paso adiante na e-administración, dentro do 'Plan de Administración e Goberno Dixital 2020' da Xunta de Galicia.

A xénese do que nun principio foi coñecido como 'Portelo Único', que permitía achegar documentos desde os concellos á Xunta, compartindo o eido dixital co físico (valixas), é o convenio de colaboración suscrito o 15 de febreiro de 1996 pola Consellería da Presidencia e Administración Pública e a Fegamp para implantar servizos informáticos e telemáticos nos municipios, coa intención de achegar servizos á cidadanía. Cinco anos máis tarde, o 17 de setembro de 2001, asinaron unha addenda a ese convenio para ampliar o proxecto inicial cun portal ('Eido Local'), que intensificase a comunicación e tramitación de servizos vía internet, permitindo que hoxe se poida facer todo o trámite electrónicamente e ampliando as relacións interadministrativas.

A Fegamp colaborou agora activamente na reestruturación do portal que permitirá para ofrecer novos servizos e mellorar outros. Unha das incorporacións é a 'Sala de Sinaturas Virtual', que posibilita a revisión e sinatura electrónica en liña por parte dunha entidade local de determinado tipo de documentos emitidos pola Xunta como, por exemplo, os convenios. Outro novo apartado recompila de xeito ordenado a información sobre concursos e procesos de selección convocados anualmente para funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional (inscricións, convocatoria, cualificacións...) e permite a xestión en liña da provisión de postos.

Entre os servizos renovados está o de 'Envíos á Xunta', unha caixa de correo para subministrar documentación a determinados departamentos da administración autonómica. Tamén se reformulou o 'Catálogo de Servizos'. 'Eido Local' ofece a opción de que o usuario cree un escritorio persoal ('Meu Eido'), que lle permitirá centralizar a súa actividade dentro do portal, agrupar os accesos directos a contidos e servizos de uso habitual e dispor dun taboleiro de avisos. O portal tamén conta cun novo espazo de ofertas laborais de emprego público convocadas polas entidades locais e para difundir as actuacións da Xunta para as administracións locais habilitouse a sección 'Iniciativas'.

Actualmente xa están en estudo futuras funcionalidades, como por exemplo, a xustificación electrónica de convenios como os das aulas CeMIT ou o dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais (GES). Ademais, 'Eido Local' mantén unha parte pública e outra privada, na que os usuarios identificados poden realizar trámites ou ter acceso a ferramentas corporativas.

Seguindo a estela da páxina web da Fegamp (www.fegamp.gal), da que non é unha alternativa, senón un complemento, 'Eido Local' emprega o dominio 'punto gal', cumprindo o Decreto sobre a presencia da Xunta na internet, aprobado en maio.

Compara que algo queda...

Unha publicación do profesor de Dereito Administrativo da Universidade de Santiago de Compostela Marcos Almeida Cerreda analiza a reforma da estrutura e ordenamento dos organismos administrativos locais, comparando os modelos e as reformas acometidas nos últimos anos en España, Italia e Portugal. O estudo, que foi presentado o pasado 29 de abril na inauguración do seminario 'A Reforma Local na Unión Europea en Perspectiva Comparada', é froito das actividades investigadoras incluídas no convenio entre a Fegamp e o Centro de Estudos e Documentación Europea da USC, que coordina o profesor da súa Facultade de Dereito Carlos Teijo.



O debate non é precisamente novo, pero encirrouno a crise económica. Reformular o número e tipoloxía dos entes territoriais e as entidades institucionais no ámbito local é unha cuestión directamente vinculada ao modelo de financiamento local, asunto que temos analizado nas páxinas previas desta revista. O libro 'Medidas para a Racionalización da Organización da Administración Local: as Experiencias Española, Italiana e Portuguesa' (Editorial Aranzadi), do profesor Marcos Almeida, da Facultade de Dereito da USC, repasa e compara os paquetes lexislativos para o reordenamento local aprobados nos últimos cinco anos por eses tres países do sur de Europa, que teñen unha tradición xurídica común, malia que conten con realidades organizativas diferentes.

A obra recolle como o debate centrouse na reforma da pranta infralocal nos casos de España e Portugal e, de xeito común nas reformas locais dos tres estados comparados na publicación, na problemática da existencia de concellos de reducidas dimensións.

O profesor Almeida lembra que Portugal víuse obrigado a reducir significativamente o número de entes locais, debido ao Memorándum coa *troika*, malia que finalmente se centraron máis nas freguesías que nos municipios. España e Italia optaron por medidas incentivadoras das fusións entre concellos, e no caso italiano, inclináronse pola obriga para os municipios pequenos de exercer as principais funcións de forma asociada, pero sempre dentro das actuais rexións.

Outro dos aspectos que revisa esta publicación é o réxime dos instrumentos de cooperación institucionalizada intermunicipal (mancomunidades, consorcios...), que en España tende a abandonarse de forma progresiva coa aplicación das novas leis, mentres que en Italia e Portugal se potencia.

En canto á redefinición dos niveis intermedios de goberno (que en Portugal non existen, agás as áreas metropolitanas de Lisboa e Porto), o lexislador español e italiano responden a principios opostos: no noso país, elixíu reforzar a posición da provincia no sistema local; en Italia, atenuou a representatividade das provincias (ante a imposibilidade de suprimilas) e subraiou o papel das cidades metropolitanas (incluíndo dez en total, en coincidencia coas antigas provincias).

No que si coinciden as reformas dos tres países analizados no libro, é no capítulo da actividade empresarial local: tanto España, como Portugal e Italia, teñen aprobado disposicións para evitar o 'minifundismo' societario e para evitar que ese tecido volva medrar de forma desmesurada no futuro.

‘Vacacións con Traballo’: voluntariado internacional para persoal municipal

‘Houbo un antes e un despois desa viaxe na miña vida, desfíxenme dun montón de cousas que non tiñan valor’. ‘Acolléronme cunha hospitalidade sen límite e á volta tes máis ganas de colaborar na sensibilización, que é o máis útil aquí’. ‘Puiden coñecer outra realidade e outra forma de ver a vida’. Así definían a súa experiencia algúns dos asistentes ao ‘Encontro Vacacións con Traballo 2006-2015’, unha cita que o pasado 19 de xuño xuntou en Pontevedra a máis de vinte participantes nesta iniciativa de voluntariado internacional.

Este ano cúmprese o décimo aniversario do programa, a través do cal trinta técnicos das administracións locais e provinciais socias do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade investiron o seu mes de vacacións en cooperar cos parceiros da entidade en países do sur. Nicaragua, Cabo Verde, Cuba ou Perú son algúns dos destinos destas estadías inesquecibles, onde botan unha man en áreas coma o turismo sostible, igualdade, urbanismo ou xestión ambiental.

O intercambio de coñecementos e o apoio puntual aos proxectos cofinanciados en terreo son valiosos, pero tamén a supervisión que levan a cabo de primeira man e, sobre todo, a forza coa que volven para concienciar na súa contorna arredor da loita contra a pobreza e a valía da solidariedade. Así o fan tanto ao seu regreso, coa publicación dun caderno de experiencias, como a través do blog *http://vacacionscontraballo.wordpress.com*, que actualizan sobre a marcha e que centraliza toda a información do programa.

O plan de actividades do Fondo Galego para o presente exercicio xira arredor de ‘Vacacións con Traballo’, que vén de triplicar o número de prazas dispoñibles. Seis empregados dos concellos de A Estrada, A Pobra do Caramiñal, Bergondo, Monforte de Lemos, Redondela e Rianxo cooperarán este ano cos municipios caboverdianos de Santa Cruz e Ribeira Grande ou coa ONGD nicaraguana Instituto de Promoción Humana-Somoto.

Os futuros participantes mesturáronse cos veteranos, procedentes das catro provincias galegas, na xuntanza celebrada no concello de Pontevedra para reflexionar sobre a cooperación internacional desde o local. A través de diferentes dinámicas, entre todos, achegaron propostas para mellorar o programa de voluntariado e, en xeral, a implicación das administracións sociais no Fondo Galego. Tratábase do segundo encontro das ‘Vacacións con Traballo’, despois do celebrado en 2012 na Illa de San Simón, e do que se extraeron interesantes reflexións, que están recollidas en vídeo na canle da entidade en youtube, como tamén se fará nesta ocasión.

‘Vacacións con Traballo’ revélase así, unha vez máis, como unha viaxe de ida e volta, na que sempre se pode seguir achegando un gran de area a ese obxectivo final que é o cumprimento dos dereitos humanos para todas as persoas e en todas partes do Mundo. Unha meta na que a solidariedade global desde o local, retroalimantada con múltiples alianzas, segue a ter un papel imprescindible.

Axilizar trámites e reducir custos nos concellos

A Fegamp e a Axencia Tributaria de Galicia (Atriga) suscribiron o pasado 8 de abril un convenio para ceder información tributaria e os demais ingresos de dereito público ás entidades locais galegas. Os concellos que se adhíran a él, cando haxa un número elevado de interesados ou afectados, e sempre coa súa autorización previa e expresa, poderán dispoñer de datos necesarios para tramitar axudas e contratar coas administracións públicas, axilizando os procedementos nos que se esixe unha certificación expedida pola Xunta de Galicia e diminuíndo custos para as dúas partes.

A Atriga facilitará aos municipios a través do Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económica-Financeira e Contable (Cixtec), información diaria sobre ausencia de débedas pendentes en período executivo coa Xunta de Galicia, nos casos de axudas e subvencións públicas e de contratación coa administración; e sobre ausencia da presentación da Declaración do Imposto sobre o Patrimonio ante a Xunta, no de axudas e subvencións.

O presidente da Fegamp, José Manuel Rey Varela, asinou o convenio co conselleiro de Facenda e presidente da Atriga, Valeriano Martínez García.

http://www.fegamp.gal/sites/default/files/artigos/descargas/2015-atriga.pdf

Pasos adiante na administración electrónica

O pasado 8 de abril, o presidente da Fegamp, José Manuel Rey Varela, a directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia da Xunta (Amtega), Mar Pereira Álvarez, e o decano do Colexio Profesional de Enxeñería en Informática de Galicia (Cpeig), Fernando Suárez Lorenzo, presentaron na sede da Fegamp a Ordenanza de Administración Electrónica para a administración municipal.

Trátase dunha ferramenta-tipo que fará máis doado o regulamento da implantación da administración telemática nos concellos galegos que desexen incorporala ao seu ordenamento xurídico propio. No acto de presentación, Rey Varela destacou que esta ordenanza facilitará a 'adaptación aos novos requerimentos, con especial fincapé nos concellos máis pequenos, que o teñen máis difícil para cumprir coa Lei que obrigará a todos os municipios a realizar licitacións electrónicas a partir do próximo 1 de xaneiro (de 2016)'. Tamén destacou que a administración electrónica suporá unha 'maior eficacia, un menor custo, unha mellora da coordinación (ao evitar que cada concello teña a súa ordenanza) e eliminará colas, desprazamentos, horarios establecidos e consumo de papel'.

http://www.fegamp.gal/sites/default/files/artigos/descargas/ordenanzaadmonelectronica.pdf

Ningún neno sen manutención en Galicia

A Fegamp renovou o pasado 5 de xuño o convenio coa Consellería de Benestar da Xunta de Galicia e coa Federación de Bancos de Alimentos (Fegaban) para garantir a manutención das familias sen recursos e con menores ao seu cargo. Como o ano pasado, o acordo servirá para desenvolver as medidas necesarias para subministrar comida a esas familias durante o período estival, cando os comedores escolares están pechados. Os servizos sociais dos concellos serán os encargados de determinar quen son os beneficiarios e decidir tamén onde se realizan as entregas da comida, que levará a cabo o Banco de Alimentos. Segundo datos da administración autonómica, este mesmo convenio serviu para que 163 fogares galegos recibiran alimentos no verán do pasado ano 2014.

Rexistros civís: o Goberno agradece a achega da FEGAMP

O Goberno decidíu no pasado mes de maio aprazar *sine die* a reforma dos rexistros civís, incluída no proxecto de Lei de Medidas de Reforma Administrativa no Ámbito da Administración de Xustiza e do Rexistro Civil, que contemplaba a desxudicialización deses rexistros e o seu paso a rexistros da propiedade ou mercantís.
Tras unha reunión coa secretaria de Estado de Xustiza en Madrid, o pasado 11 de febreiro, a Fegamp enviou dúas cartas (20 de febreiro e 21 de abril) ao director xeral dos Rexistros e do Notariado do Ministerio de Xustiza, Javier Gómez Gálligo, na que expresaba a vontade do municipalismo galego de artellar unha fórmula de colaboración cos concellos da comunidade, nomeadamente, naqueles que carecen actualmente de xulgados de paz ou de rexistros mercantís ou da propiedade. O pasado 21 de maio, o director xeral dos Rexistros agradeceu ese ofrecemento nunha carta á Fegamp, na que avogaba por un consenso, 'tanto dos afectados, como dos traballadores, os sindicatos e os partidos políticos' no que se refire a esa reforma.
http://www.fegamp.gal/sites/default/files/artigos/descargas/cartadireccionxeralrexistros-notariadoafegamp.pdf

Prácticas dos enxeñeiros industriais nos concellos

Como xa fixera o 14 e o 21 de xaneiro cos enxeñeiros de Camiños e cos enxeñeiros técnicos industriais, a Fegamp asinou o 15 de abril un convenio co Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia, para que os titulados desa especialidade poidan facer prácticas formativas remuneradas nas deputacións provinciais e nos concellos galegos. De igual forma que nos anteriores, este convenio pon o acento nos enxeñeiros industriais que se encontran en situación de desemprego, cubrindo o dobre obxectivo de dotar a eses profesionais de experiencia laboral, que logo facilite a súa inserción no mercado de traballo; e que os titulados aporten ás entidades provinciais ou locais os seus coñecementos para mellorar a eficiencia na xestión municipal. Os bolseiros disfrutan de entre 3 e 6 meses de prácticas, cunha remuneración (que aportan os concellos e as deputacións que se adhíran ao convenio) de 1.000 euros brutos mensuais.
http://www.fegamp.gal/sites/default/files/artigos/descargas/150415convenioenxeneirosindustriais.pdf

Crear e mellorar os rexistros municipais de animais

O Consello Galego de Colexios Veterinarios e a Fegamp asinaron o 22 de abril un convenio marco de colaboración entre as dúas institucións para crear, implantar e mellorar os rexistros municipais de animais de compañía e potencialmente perigosos (Remac). O acordo está servindo para facilitar aos concellos e aos propietarios o cumprimento das leis estatal e autonómica vixente e para paliar a situación actual na que os animais censados en Galicia son minoritarios e a creación dos rexistros, desigual. Tamén pon en valor a importancia dos rexistros municipais de animais, necesarios por razóns hixiénico-sanitarias, de seguridade e organización dos servizos públicos e para a localización do animal en caso de abandono ou extravío. Os concellos que o desexen poden adherirse a este convenio suscribindo un anexo de compromiso incluído nel e deberán pagar unha cota de 250 euros anuais para o mantemento do Rexistro Municipal de Animais de Compañía.
http://www.fegamp.gal/sites/default/files/artigos/descargas/220415convenioveterinarios.pdf

Inauguración do 'Foro Social de Galicia' na FEGAMP

O pasado 30 de xuño, a Confederación Galega de Asociacións Veciñais (Cogave) elixíu a sede da Fegamp para inaugurar o seu 'Foro Social de Galicia', un espazo de debate para achegar as preocupacións, inquedanzas e demandas dos cidadáns aos seus gobernantes. O presidente da Fegamp, José Manuel Rey Varela, defendeu nesa primeira reunión do Foro a 'cooperación e a unión de servizos entre concellos' como camiño de futuro, e avogou por modificar o actual sistema de financiamento da administración local, a máis achegada ao cidadán, para a mellora na prestación dos servizos. Nese primeiro encontro sobre fusións participaron o presidente de Cogave, Eladio Fernández, que afirmou que para os veciños e para eles 'o Estado son os concellos'; o director xeral de Administración Local da Xunta de Galicia, Alberto Pazos; e o secretario do Concello de Oza-Cesuras, Celestino Amigo. O encargado da clausura, ante unha nutrida asistencia veciñal, foi o vicepresidente da Xunta, Alfonso Rueda.

BOE Nº. 107
MARTES, 5 DE MAIO DE 2015

MINISTERIO DE INDUSTRIA, ENERXÍA E TURISMO

Resolución do 28 de abril de 2015, do Instituto para a Diversificación e o Aforro da Enerxía, pola que se publica a Resolución do 24 de marzo de 2015, do Consello de Administración, pola que se establecen as bases reguladoras e convocatoria do programa de axudas para a renovación das instalacións de iluminación exterior municipal.

OBXECTO

O obxecto do presente programa de axudas (en diante Programa) é incentivar e promover a realización de actuacións no sector de iluminación exterior municipal que reduzan as emisións de dióxido de carbono, mediante a execución de proxectos de aforro e eficiencia enerxética, contribuíndo a alcanzar con iso os obxectivos de redución do consumo de enerxía final que fixa a Directiva 2012/27/UE, conforme ás condicións establecidas polas presentes bases, e en caso de cofinanciamento con fondos FEDER, así mesmo conforme ás normas que rexan o Programa Operativo FEDER de Crecemento Sostible 2014-2020.

BENEFICIARIOS.

De conformidade co previsto nas presentes bases, poderán ser beneficiarios deste programa de axudas os Concellos, as Deputacións Provinciais ou entidades locais equivalentes, as Mancomunidades ou Agrupacións de municipios españois e as entidades públicas concesionarias da xestión de servizos públicos municipais españois que non realicen unha actividade económica pola que oferten bens ou servizos nun determinado mercado.

ORZAMENTO

1. Este programa está dotado dun orzamento que ascende á cantidade total de 36.000.000 de euros, con orixe no Fondo Nacional de Eficiencia Enerxética, creado pola Lei 18/2014 do 15, de outubro de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia.
2. En caso de esgotamento do devandito orzamento dispoñible, sempre que non tivese expirado a vixencia do programa conforme ao establecido na base novena, logo de aprobación de dotación adicional de fondos con cargo ao Fondo Nacional de Eficiencia Enerxética, o IDAE, mediante acordo do seu Consello de Administración, poderá ampliar este orzamento. Neste caso, darase información do novo orzamento dispoñible a través da páxina web do Instituto (www.idae.es).
3. Considerarase esgotado o orzamento dispoñible cando se efectúe o rexistro da última solicitude de axuda que totalice o importe asignado ao Programa. Non obstante o anterior, con posterioridade a ese momento, poderán seguir rexistrándose solicitudes que serán atendidas por rigorosa orde de entrada, supeditadas a que se produzan desestimacións de solicitudes de axuda previas, ou revogacións, que puidesen liberar orzamento. En ningún caso, a presentación dunha solicitude xerará dereito ningún para a entidade solicitante, ata que non se dite resolución expresa favorable de concesión da axuda á solicitude formulada.

PRAZOS DE PRESENTACIÓN E VIXENCIA DO PROGRAMA

1. As axudas obxecto da presente convocatoria poderán solicitarse dende o día seguinte ao da publicación desta no «Boletín Oficial do Estado» e ata a conclusión da vixencia do Programa, o cal sucederá cando se produza a primeira das seguintes circunstancias:
   - **a)** Que conforme ás solicitudes recibidas, se esgote o orzamento dispoñible, incluídas, se é o caso, as posibles ampliacións orzamentarias que puidesen acordarse.
   - **b)** Que transcorra (1) un ano natural dende a data de publicación da presente convocatoria no «Boletín Oficial do Estado», sen prexuízo do establecido no seguinte apartado.
2. Á finalización do programa non serán admitidas máis solicitudes. Non obstante o anterior, en caso de existir orzamento remanente á data de finalización do Programa, e sempre que a evolución de solicitudes o fixesen recomendable, mediante acordo do Consello de Administración do IDAE e resolución do seu Presidente que se publicará no «Boletín Oficial do Estado», poderase ampliar o prazo anterior como máximo ata a data en que conclúa o período de aplicación do Programa Operativo Plurirregional de Crecimiento Sostenible dos fondos FEDER.

Para máis información:
No Boletín Oficial do Estado (BOE Nº. 107)
Na web do IDAE: www.idae.es

BOE Nº. 93
SÁBADO, 18 DE ABRIL DE 2015

MINISTERIO DE INDUSTRIA, ENERXÍA E TURISMO

Real Decreto 287/2015, do 17 de abril, polo que se regula a concesión directa de subvencións para a adquisición de vehículos eléctricos en 2015 (Programa MOVELE 2015).

OBXECTO, FINALIDADE E RÉXIME DE CONCESIÓN

Constitúe o obxecto e finalidade deste real decreto a regulación do procedemento para a concesión directa de axudas á adquisición de vehículos eléctricos no ano 2015 (Programa MOVEle 2015), para incentivar e promover a adquisición de vehículos eléctricos novos, entendendo como tales aqueles cuxa enerxía de propulsión procede, total ou parcialmente, da electricidade das súas baterías, cargadas a través da rede eléctrica, facilitando e fomentando, con iso, o desenvolvemento da mobilidade eléctrica pola súa contribución á mellora do sector do transporte, da eficiencia enerxética e ambiental así como á redución da dependencia enerxética do petróleo.

BENEFICIARIOS

1. No caso de adquisicións directas ou mediante operacións de financiamento por leasing financeiro, enténdese por beneficiario, para os efectos deste real decreto, o titular da matriculación rexistrada no Rexistro Oficial de Vehículos da Dirección Xeral de Tráfico.

   No caso de adquisicións mediante operacións de financiamento de arrendamento por renting, o beneficiario será o arrendatario do contrato de renting.

2. Poderán ser beneficiarios das axudas previstas neste real decreto:
   a) Os profesionais autónomos, que terán que estar dados de alta no Censo de Empresarios, Profesionais e Retedores.
   b) As persoas físicas maiores de idade residentes en España non incluídas no apartado a).
   c) As empresas privadas, validamente constituídas en España no momento de presentar a solicitude, e de natureza xurídica tal que o seu Número de Identificación Fiscal (NIF) comece polas letras A, B, C,D, E, F, G, J, N, R ou W.
   d) As Entidades Locais e as entidades públicas vinculadas ou dependentes delas, sempre que cumpran co disposto en relación ao prazo máximo de pagamento a provedores na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, para o cal deberán achegar certificación da intervención local sobre o período medio de pagamento a provedores, que non poderá superar en máis de 30 días o prazo máximo establecido para o efecto.
   e) As Administracións das Comunidades Autónomas e as entidades públicas vinculadas ou dependentes delas, sempre que cumpran co disposto no artigo 20.3 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, e co disposto na disposición adicional primeira da Lei 36/2014, do 26 de decembro, de Orzamentos xerais do Estado para o ano 2015.
   f) Outras entidades públicas vinculadas ou dependentes da Administración Xeral do Estado.

VIXENCIA DO PROGRAMA MOVELE 2015 E PRAZOS PARA A PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

1. O Programa MOVELE 2015 surtirá efectos a partir do día seguinte ao da data de publicación no «Boletín Oficial do Estado» deste real decreto e finalizará o 31 de decembro de 2015 ou, se acontecese antes, cando se esgote o presuposto dispoñible establecido no artigo 2.
2. O prazo de presentación das solicitudes de axudas comprenderá dende o día de activación do sistema telemático de xestión de axudas do referido Programa MOVELE 2015 ata o 31 de decembro de 2015, ambos os dous inclusive, ou ata que se esgote o presuposto establecido no artigo 2 deste real decreto, en caso de producirse con anterioridade.
3. A data e hora de activación do sistema telemático de xestión de axudas será convenientemente notificada polo IDAE aos concesionarios adheridos ao Programa MOVELE 2015, a través da páxina web deste, aloxada na web do IDAE, www.idae.es.

As solicitudes das axudas establecidas neste real decreto canalizaranse necesariamente a través dos puntos de venda de vehículos previamente adheridos ao Programa MOVELE 2015.

Para máis información:
No Boletín Oficial do Estado (BOE Nº. 93)
Na web do IDAE: www.idae.es

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

ORDE do 20 de abril de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria para o ano 2015 das subvencións para o financiamento da formación e da actividade laboral dos contratos para a formación e aprendizaxe regulados polo Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro.

OBXECTO, FINALIDADE E PRINCIPIOS DE XESTIÓN

1. Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras polas que se rexerá, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a convocatoria pública das subvencións para o financiamento da formación e da actividade laboral asociada aos contratos de formación e aprendizaxe regulados polo Real decreto 1529/2012, do 8 de novembro, polo que se desenvolve o contrato para a formación e a aprendizaxe e se establecen as bases da formación profesional dual, que se realicen con mozos e mozas menores de 30 anos, a través dos seguintes programas:
   a) Programa de incentivos á formación asociada aos contratos de formación e aprendizaxe (TR301Q).
   b) Programa de incentivos á actividade laboral do contrato para a formación e a aprendizaxe (TR349G).

ENTIDADES BENEFICIARIAS

1. Poderán ser entidades beneficiarias dos incentivos previstos nesta orde as persoas empregadoras e as empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídas as persoas autónomas, as sociedades civís e as comunidades de bens, aínda que carezan de personalidade xurídica, que contraten traballadoras ou traballadores por conta allea para prestaren servizos en centros de traballo radicados na Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo cos requisitos e condicións que se establecen nesta orde.

   No caso de sociedades civís, comunidades de bens e unións temporais de empresas deberá facerse constar expresamente, tanto na solicitude coma na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención que se vai aplicar para cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiario. En calquera caso, deberán nomear unha persoa representante ou apoderada única da agrupación, con poderes bastantes para cumprir as obrigas que, como beneficiaria, lle correspondan á agrupación. No suposto de unións temporais de empresas cada empresa que forme parte desta unión deberá reunir os requisitos exixidos para acceder ás axudas.

2. Non poderán ser entidades beneficiarias destas axudas as administracións públicas, as sociedades públicas, nin as entidades vinculadas ou dependentes de calquera delas, agás as entidades da Administración local da Comunidade Autónoma de Galicia para os programas establecidos nos capítulos II e III desta orde de convocatoria.

ORZAMENTOS

1. A concesión das subvencións previstas nesta orde estará suxeita á existencia de crédito orzamentario. Se é o caso, e de acordo co disposto no artigo 31.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, publicarase mediante resolución da persoa titular da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social o esgotamento das partidas orzamentarias asignadas.
2. No exercicio económico 2015, as axudas recollidas no capítulo II desta orde de convocatoria financiaranse con cargo ás aplicacións orzamentarias 11.03.323A.471.0 (700.000 euros para o ano 2015 e 300.000 euros para o ano 2016) e no programa 11.03.323A.460.1 código de proxecto 2013 00 545 (700.000 para o ano 2015 e 300.000 para o ano 2016), e as axudas recollidas no capitulo III desta orde de convocatoria financiaranse con cargo ás aplicacións orzamentarias 11.02.322C.471.0 código de proxecto 2015 00 560 cun crédito de 250.000 euros; 11.02.322C.460.4, código de proxecto 2015 00560 cun crédito de 400.000 euros.

Estas contías están recollidas na Lei 11/2014, do 19 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2015.

Estes créditos poderán ser obxecto de modificacións como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento dos programas de fomento do emprego.

Poderá ampliarse a contía máxima dos créditos dispoñibles para esta convocatoria. O incremento de crédito estará condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia dunha xeración, ampliación, incorporación de crédito ou da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo.

Prazo: 28/04/2015 – 15/11/2015

O prazo para a presentación das solicitudes das axudas establecidas no capítulo II y III comezará o día seguinte ao da publicación da presente orde e rematará:

- Para as entidades da Administración local da Comunidade Autónoma de Galicia, o 15 de novembro de 2015.
- Para as empresas, o 30 de setembro de 2015.

Para máis información:
No Diario Oficial de Galicia (DOG Nº. 78)
Na Dirección Xeral de Emprego e Formación.
Na Dirección Xeral de Traballo e Economía Social.

CON CORREOS GESTIONARÁS LA DEVOLUCIÓN DE TUS PAQUETES.

Sólo Correos te ofrece una gestión integral de tus paquetes, desde la devolución sin coste para tus clientes, hasta la comprobación de la mercancía devuelta.

Elige: Paq 48h Paq 72h

Y para envíos urgentes elige Paq 24h de Correos Express

ADO

Patrocinador del Equipo Olímpico Español

CONCORREOS.COM
902 197 197

CORREOS

ViAQUA

AO COIDADO DA AUGA

www.viaqua-sa.es